

## O libro dixital en Galicia

VI Simposio «O libro e a lectura», AGE, Santiago 13 -11-2009

Manuel Bragado Rodríguez  
Director de Edicións Xerais de Galicia S.A.  
<http://bretemas.blogaliza.org>

Agradezo moi sinceramente o convite que me realizaron os organizadores deste «VI Simposio O libro e a lectura» para presentar a miña visión sobre o libro dixital en Galicia.

Síntome moi vencellado con este encontro anual de debate que organizamos os editores galegos. Cada ano medra en interese e repercusión, máis aínda nesta edición na que abordamos o tema de moda na edición internacional: o do libro dixital.

Na miña intervención pretendo tratar catro grandes cuestións que nb meu entender permitirán achegarnos á situación actual do libro dixital en Galicia e enxergar algunhas das liñas de futuro:

– A **primeira** parte do concepto de **literacidade electrónica coa intención de** explicar a mudanza do actual paradigma da comunicación cultural e, polo tanto, da lectura (a que denomino lectura XXI ou 2.0), da edición, do libro e do papel que nos corresponde (se é que nos corresponde algún) aos editores. Temas que sei foron abordados onte por os ponentes que me precederon, mais que eu como un dos poucos editores en exercicio debo tamén de enunciar ao meu xeito.

–A **segunda** pretende citar algúns dos **precedentes do libro literario dixital en galego**, que é tanto como dicir en Galicia, ao longo da última década, así como algunhas experiencias que se foron ensaiando na nosa edición dixital até chegar aos primeiros e-books literarios que editoras como Xerais presentan estes días. Noutras palabras faremos unha achega a unha historia (ou prehistoria) do libro dixital.

–A **terceira** ten por obxecto analizar as tendencias que debuxan **os datos dispoñibles ou que podemos estimar sobre a edición dixital en Galicia**, comparándoas coas que coñecemos para a edición analóxica.

-A **cuarta** pretende repasar a nosa situación no que atinxe aos **tipos de edición dixital** que estamos abordando xa na actualidade os editores galegos: a dos obxectos dixitais educativos; a dos e-books ou libros electrónicos; a dos produtos lexicográficos e outros contidos «on line»; a das experiencias dixitais multimedia; a dos audiolibros e a da impresión dixital baixo demanda ou de baixas tiradas.

Xa adianto que en moitos casos expresarei máis preguntas e dúbidas que afirmacións e certezas. Vivir esta mudanza no paradigma do libro dende dentro, constitúe para todos os editores, tamén para os editores galegos, unha moi boa oportunidade para medrar como profesionais. Sen menoscabo da discreción precisa para o desenvolvemento de cada proxecto editorial, este é un momento no que é imprescindible que compartamos experiencias, ideas e, me atrevería a dicir, mesmo grandes proxectos de sector.

## 1. Literacidade electrónica

A cada tempo correspóndelle unha forma característica de ler e escribir. A lectura e a escritura sendo actividades individuais que requiren esforzo e atención conformáronse, como sinala o pedagogo Paulo Freire, como prácticas sociais e culturais saudables inseridas sempre nunha comunidade e tempos concretos. Ese é o fenómeno social que definimos como “literacidade” ou “cultura escrita”.

As novas tecnoloxías dixitais propiciaron a consolidación dun novo paradigma comunicacional: o da **literacidade electrónica globalizada**. Durante a última década, debido aos desenvolvementos imparables e exponenciais dos fenómenos da telefonía móbil, de Internet e das linguaxes dixitais (html, xml...), formatos (jpeg, pdf, mp3, epub...) e estándares tecnolóxicos (especialmente a irrupción do chamado software libre) a eles asociados, foise conformando a cultura escrita dixital, un novo xeito de ler e escribir sobre as pantallas.

Un paradigma no que ninguén pode quedar alleo e do que ningunha identidade cultural, se quere existir no futuro inmediato con garantía algunha, pode quedar fóra.

Somos testemuñas e actores, sen telo escollido, da revolución comunicacional máis trascendental que ideou, dende hai cinco séculos, a humanidade, tras a invención da imprenta de tipos móbiles: a da expansión mundial da comunicación electrónica. Hoxe, grazas a estas tecnoloxías electrónicas, unha parte significativa da nosa sociedade xa le, escribe e goza das creacións culturais de forma diferente a como o facía só hai apenas cinco anos.

En *Tras las líneas* (Anagrama, 2006), o profesor catalán Daniel Cassany argumenta que esta revolución dixital en marcha está provocada pola aparición dun novo discurso social sobre a lectura, a actividade cognitiva central deste proceso, que denomina “literacidade electrónica”.

Fronte ao discurso tradicional das tecnoloxías analóxicas impresas, ao xeito de nova vertixe, consolídase un novo discurso, un novo tipo de lectura urdida coas utilidades que lle son propias á **prosa electrónica** das pantallas de teléfonos móbiles, ordenadores e dispositivos portables de tinta electrónica.

Hoxe lemos, escribimos ou accedemos con pasmosa facilidade á enorme cantidade de información textual e audiovisual arquivada en Internet. Facémolo de forma moi diferente a como consultamos unha enciclopedia ou un dicionario en papel, ou como e onde lemos unha novela ou un folleto informativo, porque utilizamos unhas ferramentas (que melloran as súas utilidades á velocidade espantosa) que nos proporcionan posibilidades comunicacionais e culturais poderosas e amigables que, no devir duns poucos anos, mesmo duns poucos meses poden proporcionarnos outras posibilidades hoxe inimaxinables.

A revolución na comunicación cultural provocada por esta nova literacidade non está tanto nos soportes ou na interface das pantallas que actualmente empregamos (sexo a dos teléfonos móbiles, ordenadores persoais, axendas pedeás, dispositivos de tinta dixital ou consolas de vídeoxogos) senón no propio contido.

Eis, nesa centralidade do contido electrónico sobre o soporte é onde reside realmente o cambio do paradigma comunicacional do que estamos falando. Un contido electrónico enriquecido polas

utilidades que, tanto para o autor como o lector, supoñen a súa **hipertextualidade**, **intertextualidade**, **multimodalidade** e **multilectura**.

A **hipertextualidade** –a posibilidade de realizar enlaces electrónicos dentro dun mesmo texto– permite ao autor xerarquizar e ordenar a presentación da información ou da creación literaria dunha forma recorrente e esférica e ao lector acceder a ela de forma discontinua.

A **intertextualidade** –a posibilidade de enlazar con outros textos electrónicos externos ao texto, presentes na rede ou nun entorno dixital pechado (no caso dos libros electrónicos en soporte cederrón ou DVD)– permite ao autor establecer un sistema amplísimo de citación e ao lector acceder a un macrotexto referencial de autoría compartida.

A **multimodalidade** –a presenza unitaria nun texto de palabras, sons e imaxes interactuando entre elas– permite ao autor crear unha nova textura (un xénero discursivo multimedia, ao que compriría atoparlle denominación) que require ao lector o emprego de novas estratexias cognitivas.

Por último, a **multilectura plurilingüe** e **intercultural** –fenómeno característico do Internet de hoxe, que fai referencia ao comportamento do lector que emprega simultaneamente varias pantallas onde aparecen textos, escritos en idiomas diferentes, procedentes de contextos culturais diversos– crea un novo contexto de linguas e culturas que derruba de facto fronteiras e confronta identidades.

## 2. Lectura XXI ou 2.0

Desprazada a preeminencia do soporte analóxico sobre o contido, o novo paradigma de comunicación cultural electrónica asume a lectura como o seu elemento central, modificando radicalmente as funcións que desempeñan as industrias e as institucións da cultura analóxica, especialmente o papel dos editores e das bibliotecas.

A lectura convértese así na actividade que caracteriza a comunicación cultural, concibida como un elemento transversal entre os soportes impresos e electrónicos. Deste xeito, xa non é posible definir o libro, como se veu facendo ata agora, como un ben cultural impreso dun determinado número de páxinas encadernadas; senón, como establece a nova Lei de Lectura e do libro, como “a obra científica, literaria ou de calquera outra clase que constitúe unha publicación unitaria, editada nun ou varios volumes e que pode aparecer impresa ou en calquera outro soporte susceptible de lectura”.

Con esta redefinición, recoñécese que o característico do mundo do libro non reside xa no soporte (sexa analóxico-impreso ou dixital-electrónico) e, si pola contra, na actividade que promove, a lectura.

O paradigma da lectura é máis amplo co dos soportes impresos (libros e xornais) e sería moi perigoso identificar que xogan no mesmo terreo.

A lectura xa non pode ser identificada como un hábito de lecer de minorías ou élites vencellado ao goce das obras literarias impresas. A lectura na sociedade do século XXI debe ser considerada como unha competencia imprescindible, adquirida por todos os cidadáns, que permite

comprender criticamente un mundo saturado de textualidade, sexa impresa ou dixital.

A lectura, concibida con esta radicalidade de ferramenta crítica, e o seu fomento –vencellado, tamén no caso noso, á potenciación dos procesos de alfabetización informacional e normalización lingüística– entre todos os sectores sociais e segmentos de idade debería transfórmase na prioridade de todas as políticas culturais, educativas e de igualdade a desenvolver no país.

Concibida a lectura deste xeito, modifícase o papel dos editores e da industria do libro que no futuro ha de estar centrada sobre a produción e distribución de contidos culturais escritos.

Outrosí sucede coa biblioteca concibida agora como unha institución cultura pública especializada no acceso dos cidadáns á lectura. A biblioteca, neste novo modelo comunicacional electrónico, transfórmase na primeira institución cultural de cada comunidade local para acceder á nova Sociedade do Coñecemento, especializándose como un punto de acceso público tanto á rede comunicacional dixital como aos fondos documentais analóxicos.

O mesmo acontece coas bibliotecas escolares que se transforman na primeira aula de cada centro educativo, sendo o punto máis especializado no fomento da actividade lectora (un eixo transversal de toda a actividade educativa) e do acceso á información e documentación.

### **3. De «Vieiros» aos primeiros e-books, achega a unha historia do libro dixital en galego**

Os precedentes do noso libro dixital están vencellados ao nacemento do Internet en galego. Aí foron decisivas, como ben todos recordades, as achegas realizadas polo portal «[Vieiros](#)», para min o corazón (o motor) da nova literacidade en galego e da súa promoción entre o público.

Dende o portal «Vieiros», que naceu o 24 de febreiro de 1996 (coincidindo coa efeméride do nacemento de Rosalía de Castro), desenvolvéronse moitas experiencias que pretendía aproveitar esta textualidade electrónica emerxente. Daquelas apenas existía algunha experiencia de Internet na Universidade de Santiago e unhas cantas páxinas persoas de pioneiros. Na primavera de 1996, «Vieiros» publicou un especial «[Mil primaveras para a lingua galega](#)», que podemos considerar como a primeiro libro electrónico en galego.

Tamén tivo moita importancia naqueles momentos alborais, estamos falando de 1996, algunhas páxinas web que promoveron a literatura galega, como aquel espléndido “Ximnasio de Akademo” de Manuel Forcadela ou “O qu do mundo” a páxina de Gonzalo Navaza, hoxe desgraciadamente inatopables na rede. Tamén foi o caso das «[Botelhas ao mar](#)» de Suso de Toro, textos literarios galegos pioneiros (publicados de 1999 a 2002) que coñecemos publicados na rede.

Porén, foron as experiencias de [Camilo Franco](#), *Por conto alleo* (1999) e *Necesariamente X. A razón máis quente* (2001), tamén en «Vieiros», as primeiras que [exploraron as posibilidades de creación literaria](#) con participación dos lectores e lectoras.

Non podíamos deixar de citar as experiencias de [Andel virtual](#), a primeira librería electrónica do libro galego, creada na primavera de 1997, dous anos despois convertida en Andel do libro galego e portugués, unha iniciativa pioneira que axudou a visibilizar o libro impreso no inicio da

Internet galega e que continúa como un dos [catálogos virtuais](#) do libro galego.

Experiencias pioneiras, anteriores á aparición desta textualidade dixital nos blogs en galego, conformados dende finais de 2004 como [blogomillo](#), unha rede tecida hoxe por 8.704 blogs que levan publicadas máis de 700.000 anotacións, como sinala [blogaliza](#).

Outrosí podemos dicir da [«Biblioteca Virtual Galega»](#) da Universidade da Coruña, a primeira en proporcionar información sobre autores e obras, así como textos, audio e imaxe. Hoxe neste espazo electrónico está dispoñible boa parte do contido dixital literario en galego co que contamos.

Outro intento pioneiros de edición electrónica foi en 1997 o primeiro cederrón publicado sobre un autor galego ([E falando de Fole](#)), que acompañaba á [Fotobiografía de Ánxel Fole](#) de Xerais en 1997. Un produto dixital, preprado polo estudo Arxila de Lugo, que agora nos pode parecer de navegación inxenua, pero que pretendeu explorar as posibilidades do hipertexto e as posibilidades da animación nalgúns contos locutados.

En 1999, Xerais recuncou con outro cederrón, *Materiais para unha Práctica Intercultural*, un material educativo sobre a cultura da comunidade xitano galega en Galicia, promovido pola asociación Chavós.

Outra experiencia imprescindible que abriu moito camiño no libro dixital en Galicia foi e é a de [«Bivir»](#), a Biblioteca Virtual da Asociación de Tradutores Galegas e da Universidade de Vigo. Sexa en formato pdf ou html, hoxe reúne máis de [150 obras do patrimonio da literatura universal](#), traducidas de forma altruísta polos membros da ATG, ademais do inicio dunha [biblioteca científica](#) (sete títulos).

Mención á parte merece a [Biblioteca Dixital de Galicia](#), chamada a converterse en referente do patrimonio público de recursos dixitais (cartografías, gravados, manuscritos, textos...), dependente da Biblioteca de Galicia da Cidade da Cultura e da [rede de bibliotecas públicas galegas](#).

Nesta enumeración, non pode falar o traballo de edición dixital do [Consello da Cultura Galega](#) foi o máis sistemático e destacado do realizado polas institucións públicas en Galicia. Neste momento a súa [Mediateca](#) conta con máis de douscentos documentos pdf para descargar, traballo pioneiro iniciado desde 1997.

Con respecto aos primeiros libros e editoriais dixitais, cómpre salientar a [experiencia de Edicións da Rotonda](#), presentada en 2005, no seo do IIº Simposio do Libro e a Lectura, e que publicou só un título, *O home inédito* de Carlos G. Meixome, baixo licenza Creative Commons, e supuxo un modelo de utilización das novas posibilidades que ofrecía á rede para a promoción do libro e da lectura.

A plataforma [«A Regueifa»](#) leva facendo un importante labor na promoción dos produtos dixitais que empregan licenzas Copyleft, especialmente no eido da música. Nesta plataforma publicáronse [algúns dos libros dixitais en pdf](#) con este tipo de licenza (en 2009, [Tería que drogarme](#) de Ana Liste; [Contradanza](#) de Carlos Fontes; [O mandril nas ondas](#), unha antoloxía de -emusic; en 2008: [Manual de destrución](#) de Samuel L. París; en 2007: [Zoom. Textos biónicos](#) de

Estíbaliz Espinosa, que logo sería editado en analóxico por Xerais; [Besbe 28](#) e un audiobook [Berlín](#) de María Lado, en formatos mp3 e pdf).

Tivo particular importancia en 2008 a publicación, tamén en pdf, do [Proxecto identidade](#), un libro surxido da colaboración de 54 persoas que integran, dun xeito ou outro, a rede galega de blogues: o chamado blogomillo.

Do blogomillo tamén saíron as experiencias de escritura en vivo. Foron estas a serie [Os de Silvaoscura](#) que Xurxo Sierra Veloso publicou no seu blog [Rei de Copas](#) durante 2006 e a blogonovela que [Arume dos Piñeiros](#) publicou entre 2007 e 2008, [A dobre morte de Carina Mourela](#).

Outra experiencia que non podemos deixar de mencionar é a dos chamados [bidibooks](#) –[editados pola editorial coruñesa Netbiblo](#)– que dende o verán de 2008 pretenden completar a lectura das guías de viaxe impresas coa dixital proporcionada por unha pantalla de teléfono móbil. Un intento de fusión entre libro impreso e móbil, unha lectura hipertextual apoiada na rede e nas súas aplicacións. Unha tentativa recolle algunha das [experiencias xaponesas](#) de lectura sobre móbiles e o desenvolvemento da conectividade da telefonía de nova xeración.

Neste repaso dos nosos contidos dixitais, cómpre citar os diversos dicionarios e [vocabularios «online»](#), especialmente os dous servizos propocionados polo Instituto da Lingua Galega: o [Tesouro Informatizado da Lingua Galega](#) e o [Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega](#).

Dende a iniciativa privada, [Edicións Ir Indo](#) ofrece dende o pasado ano 2008, a posibilidade consultar o seu dicionario multilingüe e, máis recentemente, nunha versión beta, a [Enciclopedia Galega Universal](#). Outro dicionario «on line» moi recente é o [Dicionário Electrónico Estraviz](#).

No obstante, podemos considerar como o primeiro e-book literario galego, [Olladas atlánticas](#), un libro de relatos de Daniel Lavesedo, en formato PDF, editado por [Luarna](#), unha editora dixital multilingüe, no mes de febreiro deste 2009.

Pola súa banda, as editoras literarias galegas iniciamos a nosa transición cara ao libro electrónico coa publicación nesta fin de ano dos noso primeiros e-books. Así [Xerais](#) publica simultaneamente [dúas das súas novidades literarias](#), tanto en formato impreso como dixital (en formatos PDF e E-PUB), as novelas *Sete palabras* de Suso de Toro e *Dime algo sucio* de Diego Ameixeiras, distribuídas por [«Todoebook»](#), a plataforma de [Publidisa](#).

Pola súa banda, a [editorial Galaxia publicou onte](#) os seus dous primeiros e-books, ao tempo que anunciaba un ambicioso proxecto de edición doutros [cincuenta títulos](#) antes de finalizar o presente ano, empregando tamén a plataforma de Publidisa; despois de ter colaborado con Google Books na dixitalización de parte do seu catálogo e de participar no proxecto Enclave da Biblioteca Nacional.

#### **4. Os datos da edición dixital en Galicia**

Magoadamente non dispoñemos de datos sobre a edición noutros soportes (eufemismo co que se identifica á edición dixital nos estudos de comercio interior do libro e da Panorámica anual do ISBN). No obstante, sabemos polanosa experiencia ocmo editores educativos que nos tres

últimos anos aumentou de forma moi significativa a edición de contidos educativos para o profesorado en CD e DVD. Libro dixitais que inclúen fundamentalmente pdfs imprimibles ou obxectos dixitais para ser utilizados nos encerados dixitais.

Tomemos en consideración a importancia desta cuestión, cando dos 1.687 títulos editados en galego en 2008 polas editoras privadas, case o 40%, en concreto 650 títulos, correspondía a libros de texto, dos cales 140 serían materiais complementarios. Non é ningún un disparate pensar que canto menos un trinta por cento deste títulos fosen editados en formato dixital. O que nos levaría a estimar que en 2008 se publicaron en galego medio cento de libros dixitais educativos. Unha cifra cativa, apenas o 3% dos títulos editados, apenas un punto inferior á porcentaxe do conxunto do sector en España.

Porén, a edición dixital en Galicia é moi inferior ao do conxunto do sector por mor do nulo peso da edición xurídica dixital e de dicionarios, os dous ámbitos que en España supoñen máis do 70% da facturación dos soportes non papel.

Previsiblemente, na edición dixital, teremos unha estrutura de oferta semellante á da edición analóxica. É dicir, unha fortísima dependencia do sector paraescolar e infantil xuvenil, que en 2008 supuxo o 65,5% dos títulos editados e o 72,30% da facturación, cifras que se sitúan moi por riba das medias do sector en España. Pola contra, a edición literaria, que supón o 13,2% dos títulos e case o 10% da facturación de 2008, aínda está moi lonxe do 17% dos títulos editados e do 21,7% que supón a súa facturación no conxunto do sector.

Que quero dicir con todas estas cifras? Atendendo á estrutura do noso sector, previsiblemente a edición dixital educativa futura contará cun ritmo de desenvolvemento superior ao que se puidese introducir na edición dixital literaria.

## **5. Tipos de edición dixital en Galicia**

Este repaso que fixemos ás experiencias e proxectos de edición dixital realizadas en Galicia até o momento, no que con certeza quedaron cousas atrás, polo que adianto as miñas desculpas, demostra o interese do noso sector editorial por participar nesta mudanza do paradigma do libro.

Un repaso que nos pode axudar a deseñar o que poden ser os tipos de edición dixital que se desenvolvan en Galicia e en galego no noso sector nos vindeiros anos.

### **-Obxectos dixitais educativos e materiais curriculares dixitais.**

Previsiblemente, se non se modifica de forma catastrófica a normativa que regula o emprego do galego como lingua vehicular no ensino, a edición de obxectos dixitais para ser empregados polo profesorado en encerados dixitais ocupará a maior parte dos esforzos e dos investimentos do sector.

A renovación dos materiais curriculares, que se iniciará en 2011 e finaliza en 2013, provocará unha grande competencia neste eido entre as editoriais do sector. Non se pode descartar a posibilidade de que xa nesta vindeira renovación se presenten libros para o alumnado en soporte dixital ou mixto (libro impreso e chave dixital ou e-book).

### -Libros dixitais ou e-books.

Máis alá do debate do conxunto do sector sobre a viabilidade da cadea de valor artellada no negocio dos e-books, dos criterios de usabilidade dos lectores portables electrónicos ou dos formatos de edición, a especificidade do caso galego será estudar as posibilidades dunha plataforma sectorial para a súa comercialización conxunta.

Plataforma da que non debería quedar fóra o sector libreiro e distribuidor. Non acredito nos modelos individuais no eido electrónico, por heroicos e voluntaristas que se semellan; non esquezamos que se amosaron hai moitos anos inviables para a edición impresa. Nesta cuestión será determinante os modelos que se vaian consolidando no mercado internacional de distribución de contidos dixitais. Nin imos quedar á marxe nin podemos adoptar un modelo que nada teña que ver co que sucede no mundo.

Como artellar esta plataforma? Dende que iniciativa intersectorial? Que papel pode xogar o actual Cluster do Produto Gráfico e do Libro galego, controlada polo sector das artes gráficas? Como abrir oco para a lingua galega nos agregadores de contidos de telefonía, por poñer unha posibilidade?

A promoción dos formatos e-books, tras o interese inicial que estamos vivindo, precisará dun importante esforzo de traballo dos editores na web, onde a presenza nas redes sociais será decisiva. Iniciativas como o Premio de poesía en edición dixital, que se está xestando, axudarán neste proceso de popularización do formato.

### -Dicionarios e servizos de documentación en liña.

A edición lexicográfica é unhas das de maior pulo e calidade en galego. Cando estamos completando o noso catálogo de dicionarios, tras os dicionarios xerais, están chegando os especializados e bilingües, comezará a edición sistemática dos servizos en liña, sexan gratuítos ou con pago por acceso.

Á mellora da accesibilidade das plataformas existentes, todas elas gratuítas, sexan as públicas ou a de editores privadas, habería que engadir as posibilidades da incorporación dos nosos dicionarios aos soportes portables de lectura e a outros servizos dixitais (telefonía móbil, especialmente).

### -As experiencias dixitais multimedia

Xa sinalamos ao comezo, que a textualidade electrónica promove a aparición dun novo xénero discursivo multimodal, ao que nin sequera lle temos nome. Empregando estas posibilidades entendo que se vai desenvolver a edición dixital infantil, como demostran as experiencias de animación, empregando a técnica do stop-motion, nas que está traballando editoras como OQO.

### -Audiolibros

Na Lei do Libro e a Lectura estaba previsto apoiar a creación da Audioteca da literatura galega. Coa excepción dalgunhas experiencias, promovidas pola Radio Galega e Xerais, así como polo Consello da Cultura Galega, son escasos os audiolibros en galego.



A apertura desta nova verea de edición semella moi probable xa que tería moi boa acollida no sistema bibliotecario público e no eido escolar, así como nas persoas con dificultades visuais, ou en xeral para todas aquelas que prefiran gozar dos textos lidos.

–Impresión dixital baixo demanda.

A posibilidade de edición baixo demanda ou en baixas tiradas, complementada coa de e-books semella outra das oportunidades que non debe desbotar a edición en galego, sobre todo en xéneros de edición dun moi baixo número de lectores. Esta posibilidade permitiría manter os catálogos vivos e actualizados, ao tempo que aumentar as posibilidades de edición para textos ou proxectos inviables empregando os sistemas de impresión analóxicos.

Tras este repaso, sei que quedan outros **problemas a resolver ou debater** especialmente no que se refire ao da distribución e promoción dos contidos dixitais e o papel dos libeiros e distribuidores; ao da formación dos profesionais do sector nas tecnoloxías da edición dixital ou as axudas públicas necesarias para a elaboración dos custosos materiais curriculares dixitais. Destas cuestións e de calquera outra podemos falar na quenda de intervencións.

As miñas desculpas por non utilizar os medios dixitais. O texto desta intervención pode descargarse en pdf no meu blog.

Grazas.

Facer chegar comentarios a [bretemas@gmail.com](mailto:bretemas@gmail.com)